ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DO 27 DE OUTUBRO DE 2005

Na aula 8 da Facultade de Ciencias, ás 17:40 horas, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Excma. Sra. Vicerreitora de Investigación, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Presentación de novos impresos e novedades de funcionamento nos Servizos
4. Proposta e aprobación, se procede, de novo regulamento de réxime interno
5. Proposta e aprobación, se procede, de Normas de funcionamento dos Servizos
6. Proposta e aprobación, se procede, de tarifas dos SAI para o ano 2006
7. Asuntos varios
8. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

- Dra. Concepción Herrero, Presidenta
- Dra. Mª Antonia Señarís
- Dra. Esperanza Cerdán
- Dr. Xosé Mª Quintela
- D. Jorge Otero, que actúa como Secretario

Punto 1º. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

O secretario da comisión procede á lectura da acta da anterior reunión, celebrada o 17 de febreiro de 2005, que se aproba por unanimidade ao non presentar ningunha obxección á mesma os membros da comisión.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

A directora dos SAI, Dra. Mª Antonia Señarís, informa en primeiro lugar de que rematou o proceso de autoavaliación do servizo, facendo unha breve descripción do mesmo. Como resultado do proceso de autoevaluación elaborouse un Informe final, que inclúe un plano de melloras para os SAI. Indícase que algunhas destas melloras xa se empezaran a acometer antes de finalizada a autoavaliación, agrupándoas nunha solicitude presentada a *I Convocatoria de Contratos-Programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC*. Nesta convocatoria concedéronse aos SAI as dúas solicitudes presentadas: a mencionada que inclúe diversas accións para a mellora da xestión dos SAI, á que se lle concedeu un importe de 5580 euros, e unha segunda para a obtención da licencia de instalación radiactiva de terceira categoría, dotada cun importe de 6000 euros. Para esta última, os gastos inclúen o pago de tasas e cánones, a adquisición de detectores e a formación de supervisores de instalacións radiactivas con fontes encapsuladas. Procederáse á contratación dun supervisor externo mentras non se dispoña dun formado entre o personal da UDC.

A resolución da convocatoria de axudas do FEDER para a realización de proxectos de infraestructura científica durante o período 2005-2007 publicouse no BOE do martes 19 de xullo de 2005. Infórmase de tres solicitudes concedidas nesta convocatoria:

- unha solicitude adquisición de pequeno equipamento, por un importe de 58.710,90 euros.
- unha solicitude de adquisición dun espectrómetro de masas de alta-resolución ESI-TOF, por un importe de 235.967,20 euros.
- unha solicitude de adquisición dun sistema de espectrometría de masas, por un importe de 262.500,00 euros.

Os importes referidos son os que aparecen no BOE e corresponden á axuda FEDER, que corresponde á súa vez ao 70% do importe total de cada solicitude. Os importes plantexados nas solicitudes concedidas non se viron reducidos na resolución publicada. Sen embargo, non foi concedida unha solicitude dun sistema de espectrometría de masas acoplada a cromatografía de líquidos presentada desde o campus de Ferrol. Os SAI plantéxanse estudar, xunto cos usuarios, cal sería o deseño máis satisfactorio dun

laboratorio de líquidos-masas que se pode obter mediante o desenvolvemento das axudas concedidas.

Infórmase de que os ingresos obtidos polos SAI durante o 2005 son xa, a data do 6 de outubro de 2005, superiores aos obtidos durante o exercicio completo do ano 2004.

No que respecta ao capítulo de gastos, no exercicio 2005 os SAI dispuxeron de presupustos propios, por un importe de 205.000 euros. Preséntase un breve desglose dos gastos (suministros, 175.000 euros; material de oficina, 8.000 euros; transportes, 1.000 euros; locomoción, 6.000 euros; mobiliario e equipamento, 15.000 euros). O presuposto solicitado para o 2006 contempla como óptimo un importe de 385.600 euros, e como mínimo un importe de 337.400 euros. Este presuposto contempla partidas para cursos de formación e para pequenas reparacións, que no 2005 se cubriron con cargo a outras partidas de Xerencia.

A Dra. Esperanza Cerdán pregunta se os ingresos obtidos se dirixen aos SAI ou a UDC, ao que a directora responde que se dirixen á UDC. A Vicerreitora de Investigación engade que, se os ingresos superasen os gastos, o exceso podería chegar a revertir directamente no servizo.

Infórmase tamén de que se efectuou a venta dun equipo de fluorescencia de Raios X, que non se utilizaba, e que foi adquirido por Alcoa (Alúmina-Aluminio, Lugo), proporcionando uns ingresos de 30.000 euros, que quedaron dispoñibles para o servizo.

Infórmase que foi aprobada unha nova Relación de Postos de Traballo (RPT) para os SAI, que incluiría 7 postos de técnico superior, 14 postos de técnico especialista e un posto de secretaría técnica. Desaparece a figura do xefe de servizo, sendo reasignada a persona que ocupaba o dito posto ao Vicerrectorado de relacións Universidade-Empresa. Menciónase tamén que a RPT do servizo levaba un tempo considerable sen actualizar.

En relación co fomento do servizo, infórmase de que se estableceron contactos co Concello da Coruña, que está interesado en establecer convenios co servizo para o desenvolvemento, a medio e longo prazo, de diversos proxectos (calidade do aire, calidade de augas de efluentes, contaminación do litoral, depuradora de Nostián). Estánse formando grupos de traballo para a definición destes proxectos, coa participación do Concello, de investigadores da UDC que actuarán como asesores científicos dos SAI, e

dos membros do servizo. Os departamentos participantes son o de Química Analítica, Enxeñería Química e Bioloxía Animal. Infórmase tamén que no mes de novembro se celebrarán no servizo xormadas de portas abertas.

Infórmase de diversas melloras organizativas no servizo durante o presente ano, por exemplo: actualización e informatización de inventarios, implantación de bases de datos, optimización de gastos mediante procesos de previsión de necesidades de material e racionalización das compras.

Estase a crear o laboratorio de Xeocronoloxía, para o que se recibeu recentemente un espectrómetro de masas de gases nobles acoplado a unha liña de extracción e purificación de mostras xeolóxicas, correspondentes á convocatoria de fondos FEDER do ano 2002.

Punto 3º. PRESENTACIÓN DE NOVOS IMPRESOS E NOVEDADES DE FUNCIONAMENTO NOS SERVIZOS.

A diectora do servizo refire as principais novedades de funcionamento producidas:

- Normalizouse o proceso de alta de usuarios, establecéndose un formulario de alta.
- Elaboráronse novos formularios de solicitude, sustituíndo ao formulario único que existía con anterioridade, de cara a facilitar a recollida de toda a información relevante para os ensaios. Os formularios estarán dispoñibles na web do servizo e incluirán recomendacións para o envío de mostras.
- Estableceuse un novo sistema de facturación coa fin de simplificar o procedemento e aforrar trámites aos usuarios da universidade. O sistema require que se especifique unha partida orzamentaria na solicitude de análise, e ofrece un prazo de 10 días tras a emisión do albarán para notificar calquera modificación ao servizo. Como excepción, para as análises rutineiras de RMN e masas poderase indicar unha partida orzamentaria na solicitude de alta de usuario, de xeito que os usuarios non teñan que cumprimentar este dato en cada unha das numerosas solicitudes que se producen para estas análises.
- Elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interno
- Elaboráronse unhas novas Normas de funcionamento.

Punto 4º. PROPOSTA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NOVO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

A directora expón que se elaborou un novo Regulamento de Réxime Interno. O anterior databa do ano 1993, e desexábase actualizalo para adaptalo á situación actual do servizo. Establecese a figura dun director, pero non dun xefe de servizo; recoñécese a figura da Comisión Técnica, que xa viña funcionando con anterioridade, se ben de xeito oficioso. Aparece recollida a figura dos Asesores Científicos, que tamén viñan funcionando de xeito oficioso nalgúns casos. Prodúcese unha ampliación da Comisión de Usuarios, que fora definida cando os servizos contaban tan só con 3 unidades; existirá tamén a posibilidade de celebrar reunións de usuarios de técnicas específicas. Outros puntos concretos que se mencionan son: as tarifas deberán ser aprobadas polo Consello Social (Art. 9); recóllese a realidade da existencia de contratos e convenios con organismos públicos e privados (Art. 10); contémplase a posibilidade do mecenazgo, que ata o de agora non se produceu (Art. 11).

O Prof. Xosé Mª Quintela pregunta se existirán retribucións económicas para os asesores científicos e participantes en convenios. Aclárase a diferencia entre as dúas situacións: o cargo de asesor científico non estaría vinculado a un proxecto ou contrato determinado e non lle correspondería retribución económica, mentres que para os participantes nun convenio, no mesmo regularíanse as posibles retribucións.

Aprobase por unanimidade e sen obxeccións o novo Regulamento de Réxime Interno.

Punto 5º. PROPOSTA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS

A directora do servizo fai unha exposición da nova proposta de normas de funcionamento para os SAI:

- Defínense para o uso dos equipamentos dos SAI un réxime xeral e un réxime de autoservizo. Os usuarios poden propoñer equipos para ser incluídos no réxime de autoservizo.

A pregunta dos representantes dos usuarios, aclárase que non é posible establecer descontos por número de mostras ou por outros motivos para usuarios de tipo A, debido a que as tarifas para estes usuarios de feito xa non cubren a totalidade dos gastos de ensaio. Mencionase tamén que para usuarios de tipo B e C existe a posibilidade de realizar convenios para volúmenes grandes de traballo.

- Defínense as condicións para a participación do personal do servizo en proxectos de investigación, segundo foi xa exposto nunha reunión anterior da comisión de usuarios.
- Establécense as normas para a organización de actividades de formación e visitas.
- Establécense as normas de suministro de nitróxeno líquido. Cantidades pequenas non se cobrarán aos usuarios da UDC, se ben a partir dun determinado volume de consumo procederase á súa facturación.

Apróbanse as referidas Normas de Funcionamento por unanimidade e sen obxeccións.

Punto 6º. PROPOSTA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE TARIFAS DOS SAI PARA O ANO 2006

Proponse, por parte da directora do servizo, que non se produza incremento das tarifas para o ano 2006, a non ser que se produza unha subida inesperadamente elevada do IPC, considerando tamén que os cobros están adecuadamente actualizados.

A petición da Dra. Esperanza Cerdán, acláranse a facturación do consumo de nitróxeno líquido e as tarifas do Bioanalizador. En canto ao nitróxeno líquido, facturaranse aos usuarios da UDC os litros servidos que excedan de 70 en cada semestre, ao prezo indicado nas tarifas. Os litros consumidos ata un total de 70 por semestre non terán cargo algún para os usuarios da UDC. As tarifas de “Bioanalizador” refírense á utilización dun equipo Agilent 2100 Bioanalyzer para a realización de análises por electroforesis con tecnoloxía microfluídica. A electroforesis realizase sobre soportes (“Chips”) suministrados polo fabricante. Existen chips para análise electroforética de

ADN (determinación de tamaño, determinación de concentración), de ARN e de proteínas. Moi recentemente púxose en marcha a análise de ADN con este equipo; as análisis de ARN e proteínas poderíanse efectuar, tras unha posta a punto, de existir demanda por parte dos usuarios. As tarifas establecidas refírense pois a un análisis por electroforesis co instrumento indicado, a partir de productos de PCR no caso do ADN. Polo momento, dada a recente posta en marcha do instrumento, a dispoñibilidade da técnica comunicouse únicamente aos usuarios que utilizan o servizo de xeito habitual, se ben próximamente se distribuirá de forma ampla toda a información, que neste momento se está a elaborar, sobre o equipamento e técnicas dispoñibles na Unidade de Bioloxía Molecular.

Apróbase por unanimidade a proposta de tarifas, que entrarán en vigor a partir do 2 de xaneiro de 2006, unha vez sexan aprobadas polo Consello Social.

Punto 7. ASUNTOS VARIOS

A Dra. Mª Antonia Señarís anuncia que abandona a dirección do servizo, a petición propia e co obxecto de poder retomar as súas actividades na docencia e na investigación, que lle resultaban moi dificilmente compaxinables coas súas responsabilidades nos SAI.

Os representantes dos ususarios felicitan á Directora e ao servizo polo traballo realizado. A Vicerreitora de Investigación felicita e agradece a súa colaboración á Directora e aos membros da Comisión.

Punto 8. ROGOS E PREGUNTAS

A Dra. Esperanza Cerdán pregunta se a próxima reunión da Comisión de Usuarios terá lugar xa coa súa composición renovada. A vicerreitora de investigación responde que o regulamento do servizo será remitido de inmediato ao Consello de Goberno para a súa aprobación, e producida a mesma procederase a convocar novos representantes. De non haber algún tema urxente que tratar, a seguinte reunión será convocarase xa coa composición da Comisión de Usuarios renovada.

A Dra. Esperanza Cerdán pregunta polos prazos de execución da RPT, e se está contemplada algunha praza para a Unidade de Bioloxía Molecular. A Vicerreitora de Investigación informa da situación de precariedade do personal; se ben a maioría das prazas de técnico superior están cubertas por personal fixo ou interino, esto non é así coas prazas de técnico especialista. Menciónase que antes de fin de ano finalizan tres contratos de técnico especialista, polo que se intentará sacar unha convocatoria para tres das plazas correspondentes. Informase tamén que unha das prazas de técnico especialista destínase a tarefas xerais do servizo (rexistro, almacéns, etc..).

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 19:05 horas.

Vº e Prace da Presidenta	O Secretario en funcións
Asdo.: Concepción Herrero López	Asdo.: Jorge Otero Canabal